

Exercicio 2.

Texto sobre a configuración do Imperio español.

SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN.

Tras a disputa da final da Eurocopa de 2024, e levado pola euforia do momento, decide repasar as grandes vitorias de España fronte a Inglaterra ao longo da historia. A pouco que le, atopa tanto triunfos coma derrotas. Unha destas, durante o reinado de Felipe II, chámalle bastante a atención, e decide preguntar a un amigo que estuda Historia acerca dela, o que lle manda un pequeno texto explicativo. Sen embargo, ese estudante en concreto adoita esforzarse pouco e saír moito de festa, de modo que non é moi de fiar. Vostede deberá revisar o texto, localizar os posibles erros e, se existen, corrixilos.

TEXTO PARA REVISAR:

“O matrimonio de Felipe, fillo do rei Carlos I, con María I de Inglaterra parecía afianzar a alianza entre ambos reinos. Sen embargo, o falecemento da monarca sen descendencia e a súa sucesión pola súa sobriña Isabel II modificará a situación.

Os motivos desta nova animadversión foron en boa medida económicos, xa que a coroa inglesa desexaba poñer fin ao monopolio comercial que a Monarquía Hispánica se atribuíu sobre América. Pero, ademáis disto, influían tamén razóns relixiosas, xa que a nova raíña era calvinista, e ademáis apoiou ao rebeldes anglicanos flamencos, o que desgastou económica e militarmente á coroa española. Tamén concedeu patentes de corso aos piratas españois, para que atacasen as vías de comunicación marítima inglesas.

Para cortar o apoio aos rebeldes flamencos, Felipe II organizou a invasión de Inglaterra en 1588, coa Gran Armada (despois chamada sarcásticamente polos ingleses “Armada Invencible”) unha gran flota composta de case 130 barcos, pero moi mal organizada, que rematou nun completo fracaso, pois acrecentou o poder naval inglés e non serviu para solucionar o problema de Flandes”.

RESPONDA ESTES TRES APARTADOS:

1. Identifique as informacións erróneas.
2. Explique os erros detectados.
3. Proceda á súa redacción correcta.